

## Unha fenda de luz n'*Os camiños da vida*, de Otero Pedrayo

XOSÉ M. SALGADO

O 28 de marzo de 1928, na cidade da Coruña, saía do prelo *Os señores da terra*, primeira parte da triloxía que conforman *Os camiños da vida* (1). Haberá que agardar ata o 12 de xuño dese mesmo ano para que esta obra, considerada pola crítica coma a máis ambiciosa do Señor de Trasalba, *o cume máis ergueito da novela galega en lingua do país* (2), se complete coa aparición d'*O estudante*. Otero ten xa corenta anos cando ve a luz esta obra, na que o autor ourensán quixo *traza-las escuras correntes dominantes no século dezanove galego, baixo a fronda dunha fábula familiar* (3). A súa experiencia da sociedade será xa moi completa cando, por dicilo dalgunha maneira, se decide a abordar en serio a súa tarefa de novelista.

Mais tamén don Ramón era home de pluma rápida; unha pluma que a partir deste ano de 1928 acadará unha velocidade de vértigo e que non esgotará o seu trazo ata o 10 de abril de 1976. Anotamos este feito, porque unha das eivas que se lle sinalan á produción oteriana vén asociada á celeridade do seu *corrente cá-lamo*. E así, tense falado dun Otero anárquico, descoidado e pouco reposado, actitudes estas que se deixan sentir de forma negativa na súa obra. Así mesmo, acostúmase a poñer en tea de xuício a capacidade de Pedrayo para da-la debida arquitectura ás súas novelas, considerando algunha delas como unha serie de episodios difíciles de relacionar entre si e nas que a aparición de certos personaxes semella arbitraria e inxustificada. E *Os camiños da vida* non escapan a esta negativa apreciación.

Certamente a capacidade fabuladora de Otero e os seus vastos e vizosos saberes andan ás veces moi necesitados de continencia e disciplina, mais pensamos que os calificativos de descoidada e anárquica non poden ser aplicables a esta novela xa que, como teremos ocasión de comprobar, Otero Pedrayo levábaa xestando e remodelando, cando menos, dous anos antes da súa aparición.

Pero se *Os camiños da vida* inician o período máis fecundo de Otero coma fabulador, a súa andadura polos eidos da narrativa comezara algúns anos antes.

---

(1) Otero Pedrayo, R., *Os camiños da vida*, novela en tres partes: "Os señores da terra", "A maorazga" e "O estudante", Nós, A Cruña, 1928. Tódalas referencias que fagamos á obra aparecerán no texto consignándose en números romanos a parte da triloxía correspondente e remitíndonos á grafía arábica para sinala-las páxinas.

(2) V. Carballo Calero, R., *Libros e autores galegos. Século XX*, II, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1982, p. 142.

(3) V. Otero Pedrayo, R., *Morte e Resurrección*, Aláuda, Ourense, 1932, p. 53.

As noveliñas *Pantelas, home libre* (1924), *O purgatorio de don Ramiro* (1926) e *Escrito na néboa* (1927) antecedem á primeira gran novela do autor de *Arredor de si*. Non descoidou tampouco Otero o mundo do relato breve, e así no ano 1926, nas páxinas da Revista *Nós* verán a luz os seus tres primeiros contos: *O medo* -tinxido de caracteres autobiográficos-, *O luar i os penedos* -perfecta concesión á paisaxe, preñada de lirismo-, e *As onzas*, exposición dunha trágica historia no marco do mundo paxego (4). Imos centra-la nosa atención neste último relato -incluído como apéndice ó final do noso traballo-, xa que nel están abocetados moitos dos personaxes que poborarán as páxinas d'*Os camiños da vida*.

Enmarcado a través da perspectiva do narrador, é un típico episodio de acción no que non existe ningún tipo de interese pola interioridade dos personaxes, centrando toda a súa evidencia no suceso no que aqueles interveñen. Un ambiente preñado de superstición e de misterio devora e asolaga a narración, estando perfectamente o escenario disposto para tal fin. Así mesmo, cómpre facer fincapé nesa especie de desenlace suxerido, anticipado polas palabras dun dos personaxes -a veciña-, ó que se lle une unha imaxe: os ollos da nai do herdeiro.

Pois ben, n'*Os señores da terra*, a primeira parte da triloxía, a cal, segundo Carballo Calero, contén as mellores páxinas da mesma (5), algo trastocada e, evidentemente, máis concentrada, volvémonos topar coa mesma historia que Otero desenvolvía n'*As onzas*. Deteñámonos no texto. É o momento no que o herdeiro dos Doncos retorna ó pazo, logo de roubar e asasinar a un frade no Priorato da Granxa, contando coa complicidade do Torto de Santa Comba e do maior dos Cordas:

"Na sala grande había farto rebulicio. Misia Chinta tiña outro ollar e falaba leda e señorial. Estaban dous señores da ribeira que viñeran a tratar cuestións de rendas co D. Caetano, un creguño novo, o abade e cousa rara o D. Xosé María que acudira por facer cortesía ós forasteiros chamado por Misia Chinta que estimaba a súa gracia na conversación. Baixo o velón ardían as onzas da xogueta. D. Caetano era soamente un ollar para os cartos e unha man pálida rebulindo os naipes. O herdeiro ó sentir tanta claridade na faciana, diu un paso atrás. Logo repúxose e foi cara o pai para saudar e largarse ó leite. Mais dun esquinal chegou a verba ferinte de D. Xosé María: -"E logo, ¿non se quer divertir un pouco o señorito novo? Figura que non desexa ser desgraciado en amores".

Entón o herdeiro xiado de xenreira sacou unha, dúas, ata cinco onzas vellas, prestixiosas, douradas do tempo que lle aumentaba o valor: as nocas de Carlos III daban ó tapete unha imperial maxestade. Houbo un pasmo xeral, unha sospeita nos miolos de D. Xosé María, un temor na alma da nai.

Ó día seguinte a cousa das dez, Misia Chinta saíu para rega-los novos laranxeiros do xardín. Atopábase moi ben había unha tempada. Pensaba, recreándose, en compo-lo xardín dun modo máis xeitoso, cando viu un mozo que chegaba apegado ó muro e faloulle baixiño: -"Señora, non teña medo- tráilolle unha nova -é preciso ocultar ó señorito-. Véñeno prender. -Ista noite -para Portugal". Era o Corda (I, 112-113).

As conexións entre o conto e o episodio novelesco non son febles nin accidentais. E se marco, ambiente, motivos e circunstancias están repetidos con lixeiras variantes, de igual xeito ocorre con algúns dos personaxes. Quizais isto podería semellar a simple vista, un procedemento usual e típico do narrador do século dezanove que, desta forma, tenta de acrece-la impresión de realismo e verosimi-

(4) "Tres contos", *Nós*, nº 34, 5-X-1926, pp. 5-9.

(5) *Do galego e da Galiza*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 1990, p. 203.

litude, de maneira que o lector, coma se dun rompecabezas se tratase, vai recompoñendo nas súas mentes a existencia duns personaxes que o narrador lle foi suministrando. Mais non estamos aquí diante dun procedemento tipo Balzac, con eses preto de dous mil personaxes que se van repetindo dunha novela a outra, ligándoas todas entre si para construír un modelo de sociedade complexa. O caso que nos ocupa é diferente incluíndose nel outro tipo de experiencias literarias.

Apréciase en efecto, unha economía de personaxes no episodio da novela respecto dos que aparecían no *conto*. Vexamos isto en detalle:

a) Otero retoma do conto para o episodio novelesco soamente catro personaxes, os cales, aínda que non aparecen nomeados cos mesmos apelativos, a súa correspondencia de identidade en ámbolos dous textos é exacta:

<i>Conto</i>	<i>Episodio da novela</i>
Misia Xacinta	Misia Chinta
O crego	O abade (D. Xerome de Castro)
O maorazgo	D. Caetano dos Doncos
O herdeiro	O herdeiro

b) Inclúe no episodio novelesco tres que non aparecían no *Conto*:

D. Xosé María da Pedreira.  
Dous señores que viñeran tratar cuestións de rendas con D. Caetano  
Un creguiño novo

c) Presentes n'As *onzas* e ausentes da tertulia reflexada na novela están:

O fidalgo das Quintás  
As primas de Ourense  
A escribana (nai e fillas)  
As fillas do morgado  
O capitán e a súa muller

Hai que salientar tamén no episodio novelesco a ausencia do *escribano* e dos *fillos do maorazgo* ós que implicitamente se aludía no *Conto*.

Eis pois, a distribución de personaxes en ámbolos dous textos. Mais a non inclusión dalgúns, presentes no contiño de *Nós*, no episodio da novela, non implica que queden fóra das páxinas d'*Os camiños da vida* senón que, pola conta, agás o fidalgo das Quintás (6) e as primas de Ourense, tódolos demais teñen cabida na novela oteriana. É máis: moitos dos personaxes reducidos a tipos n'As *onzas*, como é o caso de Misia Xacinta e do maorazgo, acadarán verdadeira categoría de caracteres na novela.

Tomando coma criterio referencial a *presencia/ausencia* de personaxes trasvasados d'As *onzas* ó episodio novelesco, examinemos coma mostra, o comportamento de dous deles na novela.

---

(6) Pola presentación que Otero Pedrayo fai n'As *onzas* do fidalgo das Quintás, non é posible ver nel a un antecedente de D. Xosé María da Pedreira xa que o fidalgo dos Pugas endexamais encaña os seus pasos cara Compostela, nin ten nai que reclame ó seu carón nin tampouco se ensome esmorecendo na aldea como lle ocorre ó fidalgo das Quintás. O parentesco deste con outros fidalgos oterianos haberá que buscalo no D. Xacobiño do Pombeiro do *Mesón dos ermos*, no señorito Xavier da Pedreira de *Pantelas, home libre* e no primeiro D. Eugenio do Dubra de *La vocación de Adrián Silva*.

Ímonos fixar en primeiro lugar, na motivación básica da conducta de Misia Chinta, conducta que se revela en toda a súa intensidade ó longo das páxinas d'*Os señores da terra*.

Misia Chinta ou Misia Xacinta -con ámbolos apelativos é denominada na obra-, é o único personaxe puro da novela. Idealizada se se quere, presenta un contrapunto utópico ó cadro desolador que ocupa o centro da acción. Ela é o único elemento positivo na familia dos Doncos, representantes dunha fidalguía que sobrevive e vexeta nun presente continuo, case ralentizado en días sen sobresalto, e que fai caso omiso do tempo pasado, do decorrer presente e da súa proxección cara o futuro.

Otero Pedrayo adobía ó personaxe de Misia Chinta con tintes dramáticos. Un drama que comeza para ela no momento en que abandona o colexio da Ensenanza en Compostela para trasladarse ó pazo dos Doncos por mor do seu casamento con D. Caetano. Enterrada en vida, consome o seu tempo "*ollando para os alciprestes e sofre vendo chega-la noite crecedeira e medoñenta doutro outono* (I, 14), e tan só *a fermosura do pazo, o nacemento dos fillos e as conversas coa Gumer-sinda* (I, 17) a consolan un pouco.

A prohibición expresa de D. Caetano de manter relacións coa súa familia fai que pouco a pouco a súa estadía no pazo se faga cada vez máis insoportable e, deste xeito, *foi amerando a saúde de Misia Xacinta: malenconía crecedeira de outono en outono, logo unha doenza calada que foi pasando do espírito ó corpo mi-moso e feble* (I, 21).

Na consideración de D. Xosé María da Pedreira, ela é o único *espírito señoril da casa* (I, 67) dentro da degradación dun medio familiar onde o Farruco, o segundo fillo, no cal *a nai doentiña, mirrada tiña posta a esperanza derradeira* (I, 100), aparece coma o derradeiro gromo decadente dunha caste, en perfecta correspondencia cun medio social igualmente degradado, coma o que mostra o cadro da fidalguía galega que aquí se describe.

Coma unha pantasma vivinte en fin, vémolos camiñando *adispaciño polos corredores cheos de fraixe e xa acugulados de sombras asexantes* (I, 100) poucos días antes do seu pasamento, ocorrido *ós vinte días da fuxida do morgado cara Portugal* (I, 101).

En actitude similar, observámola na súa comparecencia á tertulia que se describe n'*As onzas*, onde se nos mostra a unha Misia Xacinta medoñenta, ida, co seu pensamento fóra do mundo, a cal, *sentada no sillón e envolta en cobertores só se alegraba unha miguíña cando as moedas lucían e soaban na mesa*.

Non deixa de sorprende-lo seu carácter cambiante no episodio da tertulia inserto na novela, onde a vemos *con outro ollar, leda e señoril*, motivada positivamente pola presenza de D. Xosé María da Pedreira a quen chamara, *porque estimaba a súa gracia na conversación* (I, 112). De tódolos xeitos, o carácter de Misia Chinta ó longo das páxinas d'*Os señores da terra*, adecúase perfectamente ó mostrado por este personaxe n'*As onzas*, permitíndose a licencia o seu mentor, de mostrárnola nunha actitude diferente nese pequeno cadro da novela.

Outro dos personaxes asistentes á tertulia -presente no contiño e ausente no episodio novelesco-, é o *capitán*. Merece a pena retoma-lo texto onde aparece presentado:

Os derradeiros en chegar foron o capitán e a súa muller. El era o elemento dinámico daquela tertulia de pantasma. Ela inda nova, sempre disposta e faladeira, andaba na angueira de ergue-lo patrimonio familiar (casiña e viñas, na ribeira outra casa, lameiros, touzas e rendas na parroquia do Chao) botado a desbarate polas toladas do pai, un vello aínda vedraio, amigo das mozas e do viño. O home, un militar liberal de vivo xenio, viñera había pouco do Norte onde se vira por fronte dos osos navarros de D. Tomás e coñecera as noites de marcha polos penedos vascos, as loitas moi de mañán entre a heboeira e o sirimiri, o cariz enemigo das aldeñas carlistas de corazón. Viñera desterrado porque o seu xenio demasiado franco e destemido non se contiña diante das parvadas estratéxicas dos xenerais da raíña. Vivo e ledó, sempre tiña un ollar de desafío para a sorna-morna do abade.

Facilmente reconeceremos nel ó capitán Antonio Soutelo da novela, o pai de Paio e irmán de D. Adrián, que fai a súa aparición no capítulo que leva por título *O desterro*, primeiro da segunda parte da obra, e que atopa a súa morte nas rúas de Compostela durante os sucesos de 1846, segundo as novas que D. Adrián Soutelo nos refere no *Sherzo da Heroica*, capítulo terceiro desa mesma segunda parte da novela.

De tódolos xeitos hai unha "contaminatio" de, rasgos con outro personaxe que non aparece no contiño de *Nós*, pero que si ocupa un lugar de principalía n'*Os señores da terra*. Estámonos a referir a D. Xosé María da Pedreira, o *elemento dinámico* daquela tertulia de *pantasma*, que *sempre tiña un ollar de desafío para a sorna-morna do abade*.

Poderemos decatarnos así mesmo, de como na muller do *capitán* -a Rosalía da novela-, está asomando outro dos personaxes presentes na triloxía oteriana; trátase da Ramonciña, a futura *Maorazga*, a encargada de defender e de ergue-lo patrimonio familiar case comesto e arruinado por mor do nugallento vivir do herdeiro do pazo dos Pugas.

Na nosa opinión pois, n'*As onzas*, tan breve na súa concentración de asunto coma na sinxeleza da trama, están anunciados moitos dos personaxes que percorreren as páxinas d'*Os camiños da vida*. Pensamos por outra banda, que Otero dotou a este conto do marco adecuado para o desvelamento dunha serie de conductas e procederes que desenvolverá amplamente nunha das súas mellores novelas.

## APÉNDICE

### As Onzas

A tertulia estaba ben animada. De cando en cando oíase un decorrer de ferrollos, ladraba o can e entraba na sala un novo personaxe en compañía do frío vento de marzal. Xa estaban dende cedo as escribanas, nai e fillas, ocupando o mellor sitio rente á cheminea (o escribano restaba na casa chorando a luz que lle facía gastar aquíl endiañado pleito de Oseira), o crego sentado coma sempre no grande arcaz labrado, atufado de rapé as nocas peludas e deixaba ve-las polainas de guerra baixo o balandrán verdecente; o fidalgo esguío das Quintás ceccais soñaba cos tempos da estudiantina, cando en Santiago era admitido nos salós e podía ler libremente daqueles libres que viñan de Francia. ¡Que mal fixera en non demorar na vila! Il, home feito para as luces do século e non para esmorecer na aldea lonxana, deitada coma un can ó pé dun maorazgo bobo e dun crego noxento e tiránico. Mais aquila ca-siña brasonada, aquilas parras e a nai vellíña trouxérano ó tristeiro estado de fidalgo cazador de coellos e farto de cuncas de caldo.

Tamén asistían as primas de Ourense e por decontado as fillas do maorazgo. Pequenas, fracas, dun raro e lucente ollar, andaban de eiquí para alí bufando xordamente entre elas e sen facer a penas caso da pobre nai, medio parva, Misia Xacinta, que sentada no sillón e envolta en cobertores, só se aledaba unha miguiña cando as moedas lucían e soaban na mesa. Os fillos, lúlos! Tabernas e feiras había de abondo no país. Como non estivera algún coa testa rachada nas lousas do camiño das malas mulleres.

O maorazgo, o dono do grande pazo, sentíase triste aquila noite. De ordinario era de poucas falas; naqueles seráns xa longos, pasaba o tempo alcanzando polo corredor de pedra; nin lía os vellos libros da biblioteca, nin cazaba, nin a penas se entendía cos paisanos. Un bimbastro de home, xa velote que só se lle quentaba a sangue á vista dunha boa moza.

Os derradeiros en chegar foron o capitán e a súa muller. Il era o elemento dinámico daquela tertulia de pantasma. Ela inda nova, sempre disposta e faladeira, andaba na angueira de ergue-lo patrimonio familiar (casiña e viñas, na ribeira outra casa, lameiros, touzas e rendas na parroquia do Chao) botado a desbarate polas toladas do pai, un vello aínda vedraio, amigo das mozas e do viño. O home, un militar liberal de vivo xenio, viñera había pouco do Norte onde se vira por fronte dos osos navarros de D. Tomás e coñecera as noites de marcha polos penedos vascos, as loitas moi de mañán entre a neboeira e o sirimiri, o cariz enemigo das aldeñas carlistas de corazón. Viñera desterrado porque o seu xenio demasiado franco e destemido non se contiña diante das parvadas estratéxicas dos xenerais da raíña. Vivo e ledado, sempre tiña un ollar de desafío para a sorna-morna do abade.

Sentáronse e comenzou a xogueta. O grande velón botaba unha luz pálida de lámpada de estudio sobre o fato de cabezas atentas ó correr das cartas. A señora fixaba na mesa o seu ollar abobado; o maorazgo non xogaba. Tristeiro e valeiro de pensamentos, paseaba pola grande sala e a cada volta perdíase na escuridade facendo renxe-las vellas táboas do piso.

De súpeto parouse e sentiu un arrepío de medo: na alacena onde se gardaba a louza xurdira unha nota cristalina, soa, temerosa na noite, unha pinga de psalterio de dúas copas que se tocaban. O maorazgo pensou: "É un aviso". E quedou sen enerxía, disposto para a desgracia que sen dúbida ale-texaba polos arredores do pazo naquila noite fría de marzal.

Nas verbas dos xogadores, no estralar do fogo, no ar frío que viña polas fendas das madeiras, non había nada de particular. Só a espera dalgunha cousa.

Salaiou o grande portón da muralla e os ollos mortos do pai miraron o fillo máis grande entrar pola sala. Cativo, torto, enrugado, de ollos baixos, non parecía leva-lo sangue dunha caste fidalga.

Era o herdeiro. Á morte do pai non se porían marcos nos eidos. Os irmáns pequenos terían que vivir cáseque da súa esmola. Respetando e temido pola torta intención, tiña sona nas festas e nos fiadeiros de tódalas parroquias veciñas.

Aquila noite estaba máis pálido; as súas mans finas luciron na mesa botando as cartas con mestría. O xogo creceu coa súa presenza, houbo emoción nos vellos e interés no capitán, ata entón soamente cortés. De súpeto fíxose un grande silencio e abateuse unha sombra nos rostros, cando o herdeiro pousou na mesa unha tras outra, ata sete onzas de Carolus III.

Rematada de présa a tertulia, o pensamento de todos falou pola franca boca da muller do capitán. Era veciña de sempre e estimaba á xente do pazo. O herdeiro tiña a súa mesma idade. Colleuno a un lado:

-¡Ti fixeches algo malo! -dixo tremando angustiada.

Un falso sorrir latexou nos beizos do mozo. Os veciños fóronse axiña para as súas casas. Pechouse o portón e acugulouse o silencio nas salas do pazo. A nai tolleita e parva tiña ollos de espanto.

A noite longa e fría foi percorrida por grandes ventos ouveantes. Ó rompe-lo día, a dúas leguas do pazo, as primeiras vellas que correron á misa atoparon o gandeiro morto no camiño fondo onde inda reinaba a noite. Ferido en loita franca ó voltar da feira, tiña sido rematado por man aristocrática polo prezo dunha xugada de bois.